



MATRICULACIÓN DE VEHÍCULOS HISTÓRICOS

IMPORTANTE: Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

- **Solicitud** en impreso oficial (*impreso dispoñible en www.dgt.es*).
- **Taxa** por importe de 97,80 €, agás os ciclomotores (27,30 €). (Non se admite o pagamento en metálico).
- **Identificación da persoa interesada:**
 - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio da persoa titular (DNI, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
 - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e identidade da persoa que asine (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).
 - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e documento que acredite o concepto polo que actúen.
- **Resolución** do órgano competente da comunidade autónoma na que se cataloga o vehículo como "histórico".
- **Documentación do vehículo:**
 - Tarxeta de inspección técnica na que se faga constar a matriculación como vehículo histórico.
 - Catro fotografías en cor do vehículo (ambos os dous laterais, dianteira e traseira).
 - Permiso de circulación e tarxeta ITV (orixinal e fotocopia) se o vehículo está en circulación.
 - Documentación estranxeira do vehículo (orixinal e fotocopia) se o vehículo procede doutro país.
- **Acreditación da propiedade do vehículo** no caso de que non sexa a mesma persoa titular a que o vai matricular e a que figura na documentación orixinal, a través dos seguintes posibles medios: **Documento notarial:** acta de notoriedade ou de manifestacións; **Factura de compra** se se adquire dun compravenda ou dunha persoa xurídica. Se o vehículo procede da UE ou dun terceiro país e a factura é dun compravenda español, achegarase o IAE ou documento acreditativo de estar incluído no censo de suxeitos pasivos de IVE para os efectos de operacións intracomunitarias; **Contrato de compravenda** se a venda é entre particulares.
- **Certificado de transportes:** se se trata dun autobús ou dun vehículo de transporte de mercadorías cunha MMA superior a 6 toneladas e unha carga que exceda de 3,5 toneladas, salvo acreditación telemática no Rexistro de Vehículos da DXT.
- **Impostos:**
 - Xustificante do pagamento ou exención do imposto de circulación do concello en que teña o seu domicilio o solicitante (*orixinal ou fotocopia*).
 - Xustificante do pagamento/exención/non suxeición do imposto especial sobre determinados medios de transporte, (modelo 576, 06 ou 05 da Axencia Estatal Tributaria, www.aeat.es) se o vehículo non estivo matriculado antes en España.
 - Xustificante do pagamento ou exención do imposto de transmisións patrimoniais (se se presenta un contrato entre particulares ou documento notarial).
- Documento único administrativo (DUA), expedido pola Aduana no caso de que se trate dun vehículo importado procedente de terceiros países.

NOTA:

Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo dispoñible en www.dgt.es*).

En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.